

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO SOPORTE VITAL ÁS FAMILIAS CON NENAS/NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN OU TERMINAIS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS NO ANO 2024

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, María del Rosario Barca Fernández, presidenta da Fundación Andrea de apoio a los niños con Enfermedades de larga duración, crónicas o terminales (en diante Fundación Andrea), co NIF 33295500X, que actúa en nome e representación da entidade, co NIF G70058961, de acordo co nomeamento outorgado na reunión do padroado do 14 de xuño de 2006, segundo o disposto nos artigos 14 e 17 dos seus estatutos, elevados a públicos en escritura pública de data 13 de xuño de 2006 outorgada en Santiago polo notario Enrique Roger Amal co número 1.474 do seu protocolo, modificada en virtude de escritura pública outorgada polo notario Jose Manuel Amigo Vázquez o 11 de decembro de 2006 co número 2906 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* número 82, do 30 de abril de 1991).

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde entre outras o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e á atención ás persoas en situación de dependencia.

CUARTO. Que a Fundación Andrea é unha entidade de natureza fundacional sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Fundacións asistenciais, do entón Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais baixo o número 15/0097. Así mesmo está recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política

Social e Igualdade co número E-6114 e ten entre as súas funcións, a protección e defensa das familias que teñen nenas ou nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social e Igualdade.

A entidade desenvolve un programa de soporte vital destinado a familias con nenas e nenos con enfermidades crónicas ou terminais con escasos recursos económicos co fin de que poidan acceder ás atencións e recursos que precisen. Para iso, financia os gastos que se produzan polo tratamento médico que necesiten como complemento ao prestado polo sistema sanitario público unha vez que se atopen no seu fogar e fóra do centro sanitario ou como consecuencia da estadia das familias que teñan que desprazarse da súa localidade a Santiago de Compostela.

Deste xeito o programa da cobertura ás necesidades de asistencia privada derivadas dos diferentes diagnósticos e situacións familiares mediante sesións de fisioterapia, logopedia, psicoterapia, e musicoterapia, así como aos gastos de aloxamento das familias desprazadas dende outras localidades a Santiago de Compostela por mor do tratamento médico no centro hospitalario desta cidade.

QUINTO. O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e as persoas adolescentes. O artigo 6 establece a obriga de prestar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, así como de protexer aos membros mais vulnerables da mesma.

SEXTO. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral competente en materia de familia, está interesada en apoiar este programa mediante a concesión directa dunha subvención a través da sinatura dun convenio de colaboración.

Tendo en conta o carácter específico da actuación e o feito de que esta entidade sexa a única que presta unha axuda de soporte vital ás familias con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais con escasos recursos económicos, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención.

O proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

- O establecido no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xa que o programa a subvencionar ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social.

- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Andrea para o financiamento a través da concesión dunha subvención pública a favor da dita fundación para a realización do seu programa denominado *"Soporte Vital ás familias con nenas e nenos con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos"*.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

A entidade realizará, ao abeiro deste programa, as seguintes actuacións de apoio ás familias nos seguintes eidos:

- a) Para os tratamentos de fisioterapia, sempre baixo a supervisión dos médicos responsables do tratamento de cada nena ou neno.
- b) Para a psicoterapia e logopedia; a petición dos médicos responsables do seguimento das nenas e nenos afectados por distintas enfermidades crónicas facilitarase a asistencia a sesións de logopedia e apoio psicolóxico.
- c) Para as familias desprazadas dende outras localidades galegas ou outros hospitais fóra da Comunidade autónoma de Galicia ao Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela facilitarase o acceso ás Casitas,

vivendas temporais coas que conta a Fundación Andrea en Santiago de Compostela e das que poden dispoñer as familias durante toda a hospitalización das súas fillas e fillos.

d) Para tratamentos de musicoterapia, facilitarase o acceso á música como terapia e vehículo de comunicación para nenas e nenos con necesidades especiais.

TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

1. O importe total do programa é de **126.226,39 €**. A Consellería de Política Social e Igualdade financiará 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 38.02.312B.481.0, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral competente en materia de Familia, da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano corrente.
2. A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso pode supor beneficio económico para a entidade beneficiaria.

CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

1. Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.
2. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a Fundación Andrea deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan:
 - a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento; non ter solicitado a declaración de concurso, nin ter sido declarada en concurso salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio; non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme ao Real decreto lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a entidade beneficiaria, os seus administradores ou aqueles que ostenten a súa representación legal en ningún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade , así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como

comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o programa subvencionado a través deste convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Consellería de Política Social e Igualdade agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que establece a obriga de dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de subvención.

As medidas de difusión deberán adecuarse ao programa subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.



SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do programa subvencionado a través deste convenio de acordo coa desagregación que figura a continuación no seguinte cadro:

- APOIO PSICOTERAPÉUTICO	5.700 euros
- FISIOTERAPIA	1.100 euros
- MUSICOTERAPIA	1.000 euros
- LOGOPEDIA	1.000 euros
- CASITAS (aluguer vivendas)	11.200 euros
TOTAL	20.000,00€
<i>Permítense a modificación das anteriores partidas sempre que non sexa superior ao 15% do importe total do convenio, nin supoñan incremento do importe da subvención.</i>	

2. O prazo de realización das actuacións cuxos gastos son subvencionables será o establecido entre o 1 de xaneiro do 2024 e o 30 de novembro do 2024.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

4. A data límite de xustificación será o 30 de novembro do 2024. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais de 2024 liquidables con posterioridade á referida data, estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

5. De acordo co establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os tributos son gastos subvencionables cando a entidade os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade a subvencionar.



SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGO E XUSTIFICACIÓN.

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberase presentar:

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

1º. Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, a entidade ou persoa provedora, o importe, detallado o IVE, a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, ás distintas administracións públicas competentes ou aos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% do importe restante recollido na letra b) do número 1, a entidade beneficiaria deberá presentar ademais dos documentos aos que se refire o número 2 desta cláusula, unha memoria de actuacións a subvencionar a través do convenio, con indicación das realizadas e dos resultados obtidos, así como dos medios e recursos cos que se realizaron estas actividades:

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral competente en materia de familia poderá consultar a través de medios de interoperabilidade, os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.

c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 15, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

1. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

3. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que nel constan, así como o resto das especificacións contidas neste poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta por dúas persoas:

a) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de familia que exercerá a presidencia da comisión. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade, a suplencia asumirase de acordo co establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade

b) A persoa titular da presidencia da Fundación Andrea, ou a persoa da entidade que a supla de acordo co establecido nos seus estatutos.

3. A persoa que ocupe a secretaría, que contará con voz pero sen voto, será unha persoa funcionaria da Dirección Xeral competente en materia de familia, designada pola persoa que asume a Presidencia, así como a persoa que a supla.

4. Esta comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na sección 3ª do capítulo 1º do Título I da Lei 16/2010, do 17 de outubro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a Fundación Andrea dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades a subvencionar e a Consellería de Política Social e Igualdade, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMA PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei

38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMA TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Así mesmo, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMA CUARTA. CUESTIÓNES LITIXIOSAS

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas poderá interpoñerse o recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se o acto fose expreso, no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o mesmo fora expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

DÉCIMA QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2024. Non obstante, abranguerá os gastos das accións obxecto do programa que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2024.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital no caso de sinatura electrónica.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

A presidenta da Fundación Andrea

Fabiola García Martínez

Maria del Rosario Barca Fernández